

## Xeografía mítica

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Lendario do Castro de Pedrouzos*

Deste castro melidao (Melide, A Coruña) situado na aba sur da Serra do Bocelo, a unha altitude destacada (en torno ós 620 metros) encravado nun interfluvio entre os regos Albariño e Pedrouzos, recóllense diversos contos no “Terra de Melide”, do Seminario de Estudios Galegos de 1933.

Florentino L. Cuevillas narra o seguinte:

*“Din que no Castro de Pedrouzos hai tres minas ou vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán. Como non se sabe cal é esta e tocarlle non se pode, pois todo canto hai no arredor queimaríase, non se anda en busca das outras dúas”.*

*“Neste castro había tamén un señor encantado, e dunha vez pasou por alí unha muller que daba peito. O encanto a quen ninguén vía, chamouna para que dera de mamar a un nenño que el tiña e levouna por unha mina moi longa ata unha casa bonitísima. Despois que lle deu de mamar trouxo o señor unha untura e mandoulle á muller que metera nela os dedos e logo que lle untara os ollos ó neno. Fíxoo así, mais ela case sen se dar conta pasou os dedos por un ollo seu e dende entón vía por el coma os encantos.*

*O outro día era 27 e foi a muller á feira das Cruces de Sobrado e polo ollo que untara viu ó señor do Castro que ninguén máis vía. En vez de calar e de non facer caso, chamouno aínda que el non lle falaba.*

*... Outro día a muller foi ó Castro e díxolle o señor: ¿Con que ollo me viches na feira? E ela mostroulle con cal fora e tiroullo naquel intre”.*

*“Tamén din que saía unha señora a estender ó sol trigo e outros graos”.*

*“Un vello atopou na croa do castro tixolas, picarañas e outras marranadas que alí deixaron os negros”.*

(segundo informacións de Xosé Mato, de Pedrouzos, transmitidas ós membros do Seminario de Estudos Galegos). Tamén nese senso reflexiona Cuevillas que *“cecáis debemos entender tamén coma mouros ós negros do Castro de Pedrouzos. Sabido é o equívoco das verbas negro e mouro da nosa lingua, o cal fixo sospeitar a Murguía que os mouros castrexos eran chamados mouros por seren concibidos pola xente coma negros”*, e tamén diserta Cuevillas que Manuel Murguía debía estar errado xa que *“non cremos que se poida soste hoxe o pensar do noso grande historiador, que tiña ós mouros da lenda coma primitivos deuses ou xenios.”*

Reflexionando Cuevillas sobre a virtude da clarividencia considera que *“o nenño do Castro de Pedrouzos á quen vai dar de mamar unha muller, úntanlle os ollos cunha untura para que vexa coma os encantos, para que vexa o invisible, as cousas ocultas. Esa untura dálle a clarividencia, como o unto das bruxas dálles o poder de desprazamento, de viaxar voando polo ar”*. Así mesmo fai ver Florentino Cuevillas que *“tamén no Castro de Pedrouzos, é castigada a imprudencia da muller que revela ó señor do Castro o don que posúe. Mais eiquí hai outra observación que facer: o coidado dos seres encantados en manter oculto o seu mundo, en mantelo invisible para os mortais.”*

No capítulo “Folclore de Melide”, Vicente Risco e Amador Rodríguez tamén relatan outro episodio acontecido nun lugar próximo ó Castro de Pedrouzos, en concreto na “Pena do Congro”.

*“Á caída do coto do Pilar, no Bocelo, hai unha pena cabaleira que chaman a do Congro. Contan que sobor dela houbo unha figura dun home que apuntaba cunha carabina cara un lugar indeterminado. Tiña ademais un letreiro que dicía:*

*“Onde apunta o mouro, alí está o tesouro”.*

*“Todos eran a mirar cal sería o lugar afortunado, mais ninguén podía dar con el. Máis unha vez un home de Pedrouzos, canso xa de trabucamentos e fracasos arreoulle á figura dous paus tan fortes que a estrangallou; máis en troques daquel feito, atopou no medio dela o tesouro tan arelado”.* – (Relatado por Andrés Sánchez de Pedrouzos).

[Texto remitido por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Xullo de 2019]

## **BIBLIOGRAFÍA**

Terra de Melide. Cap: Folclore de Melide. De Vicente Risco e Amador Rodríguez. Seminario de Estudos galegos, ano 1933.